sindicato nacional de comisións obreiras de Galicia

martes 9 de xuño de 2020

CCOO esíxelle unha rectificación á xerenta da área sanitaria de Santiago por acusar o persoal de contaxiarse «nas salas de café»

A Federación de Sanidade pediralle á Consellaría a destitución de Eloína Núñez á fronte da Xerencia

A Federación de Sanidade de CCOO esíxelle unha rectificación pública á xerenta da área sanitaria de Santiago, tras insinuar que o persoal se contaxiaba «nas salas de café», de onde retiraron asentos porque «daban lugar a favorecer o contaxio entre eles», segundo declarou Eloína Núñez a un xornal. Para o sindicato estas palabras son «inaceptables», polo que lle pedirá á Consellaría de Sanidade a súa destitución á fronte da Xerencia.

A secretaria xeral de CCOO-Sanidade, Emilia Lamas, ademais de rexeitar estas insinuacións, repróchalle a Núñez que obviase as responsabilidades da propia Administración, «que é a que ten que garantir a saúde das súas traballadoras e traballadores». De feito, a propia xerenta indica na mesma entrevista que os primeiros contaxios viñeron de fóra do ámbito hospitalario.

A Federación de Sanidade lémbralle á responsable da Xerencia da área sanitaria santiaguesa que, en moitos momentos da pandemia, o 40 % dos contaxios corresponderon a persoal da sanidade. Isto, ademais de desmentir as insinuacións de Núñez, «amosa unha preocupante incapacidade para protexer a saúde dos seus

traballadores e traballadoras, como establece a lei».

O sindicato tamén lle critica á xerenta que o persoal tivera que traballar con escasos equipos de protección individual (EPI), e que o Sergas chegou a indicarlles aos profesionais que gardasen nun sobre as máscaras faciais e as reutilizasen durante varias xornadas de traballo, «por non falar das partidas de máscaras defectuosas que Administración repartiu e provocaron contaxios entre o persoal sanitario».

Durante a emerxencia sanitaria, «todos os profesionais demostraron estar á altura», salienta Emilia Lamas, «chegando a poñer en risco a súa saúde, o que queda demostrado coas cifras de persoal contaxiado». A día de hoxe, este persoal recibiu mostras de apoio da sociedade civil —como os aplausos espontáneos— e máis recentemente a concesión do Premio Príncipe de Asturias á Concordia.

Porén, CCOO considera «absolutamente inadmisible» que a Administración sanitaria galega, no canto de felicitar o seu persoal polo labor realizado, «só lles dirixa críticas».